



Vilagarcía de Arousa, 7 de novembro de 2018.

Asunto: Eleccións Consello Escolar 2018-2020.
Destinatarios: Membros da comunidade educativa.

O Consello Escolar permite a participación dos diferentes estamentos nas decisións que afectan aos aspectos máis relevantes do centro como son a planificación de actividades anuais, medidas para facilitar a convivencia, aprobar o proxecto do orzamento do centro e a súa execución e todos aqueles aspectos que contribúan a unha mellor calidade educativa.

Alumnado, nais e pais, persoal de administración e servizos e profesorado participan neste órgano de goberno, polo que é de suma importancia a participación neste proceso electoral.

Dende a dirección do Instituto queremos animar a todos a participar, presentando candidaturas e votando na data sinalada no calendario, porque estamos convencidos de que a calidade educativa só se potencia se todos participamos na xestión.

Ao longo do mes de novembro, os centros educativos de Galicia van desenvolver o proceso de elección de membros do Consello Escolar. O proceso está organizado pola Xunta Electoral, xa constituída, e que aprobou o calendario que figura ao pé.

A renovación é parcial, polo que destas eleccións sairán os novos membros que substitúan aos que cesan: 2 representantes do alumnado e 3 representantes do profesorado.

Para a presentación de candidaturas temos as papeletas a disposición de todas as persoas interesadas na Conserxería e deben presentarse na Secretaría do Centro en horario de 10:00 a 13:30 entre os días 12 a 16 de novembro, ambos incluídos.

Con este recordatorio e ánimo na participación, reciban un cordial saúdo.

A directora,




Asdo.: Rosa Mª Gómez Cerdeira.

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SABADO	DOMINGO
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
Presentación de candidaturas	Presentación de candidaturas	Presentación de candidaturas	Presentación de candidaturas	Presentación de candidaturas		
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		
			VOTACIÓNS <u>Alumnado:</u> na aula de cada grupo de 09:00 a 14:35 h <u>Profesorado:</u> na Sala ás 12:35 h			
Constitución do Consello Escolar: 12/12/2018.						